



provinciais e na páxina web desta consellería as puntuacións definitivas do baremo aberto polo Anuncio do 20 de novembro de 2006 (DOG do 28 de novembro), especialidade deseño de moda na escola de arte e superior de deseño Mestre Mateo.

Segundo.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso dealzada no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2007.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Anuncio do 7 de decembro de 2006, da Xerencia de Atención Primaria de Lugo, pola que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data, pola que se convoca a provisión dun posto vacante de xefatura de servizo de persoal de xestión e servizos.*

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Sergas (DOG nº 145, do 29 de xullo) e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño) pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de persoal de xestión e servizos e no uso das atribucións conferidas polo artigo 3 da devandita orde, esta dirección xerencia

#### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, un posto vacante de xefe do Servizo de Subministracións e Servizos Xerais da Xerencia de Atención Primaria de Lugo. As características da praza descríbense no anexo deste anuncio.

Segundo.-Poderá concorrer a ela todo o persoal estatutario de xestión e servizos, con vínculo de fixeza e situación de servizo activo nalgunha das categorías que consonte ás bases da convocatoria permiten o acceso á xefatura de servizo.

Terceiro.-A mencionada convocatoria está exposta no taboleiro de anuncios da Xerencia de Atención Primaria de Lugo, así como na páxina web do Sergas ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Cuarto.-O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes deberán dirixirse á directora xerente de Atención Primaria de Lugo podendo ser presentadas no Rexistro de Entrada da Xerencia

ou en calquera rexistro xeral dos servizos do Sergas e da Consellería de Sanidade ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Lugo, 7 de decembro de 2006.

Josefa Díaz Otero  
Directora xerente de Atención Primaria de Lugo

#### ANEXO

Clase de persoal: persoal de xestión e servizos.  
Denominación do posto: xefe do Servizo de Subministracións e Servizos Xerais.

Grupo de clasificación: A ou B.

Centro directivo: Xerencia de Atención Primaria de Lugo.

Complemento de destino: 26.

Localidade: Lugo.

*Anuncio do 7 de decembro de 2006, da Xerencia de Atención Primaria de Lugo, pola que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data, pola que se convoca a provisión dun posto vacante de xefatura de servizo de persoal de xestión e servizos.*

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Sergas (DOG nº 145, do 29 de xullo) e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño) pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de persoal de xestión e servizos e no uso das atribucións conferidas polo artigo 3 da devandita orde, esta dirección xerencia

#### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, un posto vacante de xefe do Servizo Técnico Xurídico e de Recursos Humano da Xerencia de Atención Primaria de Lugo. As características da praza descríbense no anexo deste anuncio.

Segundo.-Poderá concorrer a ela todo o persoal estatutario de xestión e servizos, con vínculo de fixeza e situación de servizo activo nalgunha das categorías que consonte ás bases da convocatoria permiten o acceso á xefatura de servizo.

Terceiro.-A mencionada convocatoria está exposta no taboleiro de anuncios da Xerencia de Atención Primaria de Lugo, así como na páxina web do Sergas ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Cuarto.-O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes deberán dirixirse á direc-